



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Secretaría

Incoación expediente de investigación da titularidade do camiño público 351 do Pazo-Rianxo

ANUNCIO

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, na sesión ordinaria do 28/05/2026, aprobou o seguinte ACORDO:

“9. INCOAR EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE DO CAMIÑO PÚBLICO 351 DO PAZO

O Sr. Alcalde, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Sendo necesario por presentarse dúbidas sobre a titularidade do seguinte inmovible CAMIÑO PÚBLICO 351 derivadas do exame dos expedientes relacionados co presente.

Ben/é:	CAMIÑO PÚBLICO 351
Ref. catastral:	5432004nh1253s0001qq
LOCALIZACIÓN	Lugar do Pazo 9

As Corporacións Locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste, a fin de determinar a titularidade dos mesmos.

Constan incorporados o expediente numerosos documentos derivados doutros expedientes vencellados co presente, entre outros os seguintes:

- *No expediente 2019/u026/000179 referido a EXECUCIÓN DE MURO EN FINCA PRIVADA PARA DELIMITAR SERVIDUME consta informe técnico de data 12 de agosto de 2020 no que se sinala:*

“A documentación que figura no expediente está INCOMPLETA, para a súa tramitación deberá achegar:

Esbozo no que se indique a distancia do peche ao eixo do camiño, de acordo coa ordenanza nº 6 de aplicación, dita distancia será igual ou superior a 4 metros.

De acordo co inventario de camiños municipais do Concello de Rianxo, aprobado inicialmente polo pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 28 de abril de 2016, o camiño definido no proxecto ten consideración de camiño público.

Do que informo agás criterio superior”

- *Consta sentenza do Xdo. Contencioso/Administrativo nº 2 Santiago de Compostela no procedemento ordinario 0000210/2022 no que se acorda:*

“Inadmitir el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Doña RAMONA YAÑEZ ABUÍN y D. XOSÉ LÓPEZ MORALES contra la desestimación tácita por parte del Concello de Rianxo de la reclamación previa formulada en fecha 4/03/2021, donde se solicitaba exclusión de la parte del camino 351 del inventario provisional de caminos públicos municipales que discurre por el interior de la finca de los actores”

- *No expediente 2025/I002/000021 referente a REVISIÓN DE USURPACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO 351, REXISTRADO COMO PRIVADO consta informe técnico de data 18 de decembro de 2025 no que se informa:*

1. Que existen indicios fundados para considerar que o camiño obxecto da denuncia é un camiño de servidume de paso á parcela da vivenda do denunciante.

2. Non procede, pois, actuar na defensa da titularidade pública do camiño polo momento, se ben nun futuro inventario municipal se podería propoñer incluílo

Consta no expediente 2019/U026/000179 referido a EXECUCIÓN DE MURO EN FINCA PRIVADA PARA DELIMITAR SERVIDUME informe de secretaría que presenta as seguintes conclusións:

“Do expediente tramitado e da documentación aportada ao mesmo, non se atopan indicios que permitan considerar o citado camiño como público, non obstante recoméndase solicitar certificación ao Rexistro da Propiedade, así como ao Catastro para maior seguridade.

En caso de non constar o citado camiño como público, procede a tramitación dun expediente de investigación aos efectos de determinar a posible titularidade municipal do mesmo, e no seu caso, a recuperación de oficio en caso de usurpación do mesmo, lembrando a este respecto que conforme ao establecido no artigo 144 da LSG:

“Artigo 144 Prelación de licenzas e outros títulos administrativos

1. Cando os actos de edificación e uso do chan e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.”

En virtude artigos 4.1.d), 22.2 j) e 68 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local Propoño o pleno a adopción da seguinte proposta:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade dos seguintes bens ou dereitos:

Ben/é:	CAMIÑO PÚBLICO 351
Ref. catastral:	5432004nh1253s0001qq
LOCALIZACIÓN	Lugar do Pazo 9

que presuntamente pertencen á Corporación Local e solicitar dos Rexistros que procedan cantos antecedentes e datos consten relativos ao Camiño investigado incorporándose ao expediente as certificacións que se expidan a este efecto.

SEGUNDO. Publicar o acordo de iniciación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no do Municipio de Rianxo; ademais estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Rianxo

Así mesmo expor no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo no que radiquen os un exemplar dos devanditos boletíns durante un prazo de quince días.

TERCEIRO. Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia para que, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

CUARTO. Notificar aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

QUINTO. Abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

SEXTO. Finalizado o prazo para presentar alegacións, abrir un período de proba por prazo de 10 días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

SÉTIMO Practicadas as probas e valoradas polos Servizos da Corporación, pór de manifesto o expediente ás persoas a quen afecte a investigación e houberen comparecido nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Rianxo, 25 de xuño de 2026

O Alcalde, Julian Bustelo Abuín